

6.1. PRIMEIRO NIVEL DE ANÁLISE

6.1.1. O SECTOR FORESTAL EN ESPAÑA

Intentouse dar neste nivel unha visión global e ampla do estado do sector forestal español; para iso, a través de fontes documentais, principalmente, extraéronse unha serie de temas que pola súa relevancia actual se propoñen no estudo.

■ .. 6.1.1.1. MULTIFUNCIONALIDADE E XESTIÓN SOSTIBLE. AVALIACIÓN AMBIENTAL E ORDENACIÓN DE MONTES

Desde o cumio de Río de Xaneiro acéptase mundialmente que os bosques teñen unha transcendencia global pola súa contribución ao mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, especialmente os relacionados coa regulación do ciclo hidrolóxico, o cambio climático e a preservación da biodiversidade.

O cal non quita que se lles atribúan funcións sociais (como emprego, recreo, cultura, mantemento da poboación do medio rural...) e económicas (produción de madeira e outros aproveitamentos, abastecemento de materias primas...).

Non todas as masas forestais cumpren de igual maneira cada unha das súas funcións, senón que cada unha farao dependendo das súas características naturais, bióticas e abióticas, do seu uso ao longo da historia, da súa localización con respecto a outros espazos e da estrutura da propiedade do monte e tradicións de xestión.

A sociedade está cada día máis sensibilizada cara ao papel que as masas forestais desempeñan no noso contorno. Sábese que os bosques non son só comunidades que se reducen unicamente a unha poboación ou conxunto de árbores, arbustos, matogueiras e formacións herbáceas en harmonía e mestura, máis ou menos íntima, que anual ou periodicamente proporcionan renda en produtos tanxibles ou cuantificables. Son tamén fundamentais na regulación do ciclo de nutrientes, saneadores da atmosfera e fonte inaprezable de valores ecolóxicos, xenéticos, paisaxísticos, culturais e recreativos. Todos estes aspectos quedan resumidos no uso múltiple, termo aplicable ás masas forestais, na actualidade comprensiva da multifuncionalidade, expoñente dun equilibrio funcional baseado en que a priori as funcións dos montes non son excluíntes. En consecuencia, a efectos da xestión forestal, os montes deben considerarse como sistemas forestais de usos múltiples.

Pero ademais da multifuncionalidade, os modelos de xestión forestal deben asumir o criterio de sostemento ecolóxico, social e económico, definido como *a administración e uso dos bosques e terras forestais de forma e intensidade tales que manteñan a súa biodiversidade, produtividade, capacidade de rexeneración, vitalidade e potencial para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes a escala local, nacional e global, e que non causan dano aos ecosistemas.*

É dicir, unha xestión sostible que sexa economicamente viable, socialmente beneficiosa e ambientalmente responsable. Como patrón de referencia, unha xestión que mereza o cualificativo de sostible debe asegurar o cumprimento dos seguintes criterios:

- . **Criterio 1:** Mantemento e mellora dos recursos forestais e da súa contribución ao ciclo do carbono.
- . **Criterio 2:** Mantemento da saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.
- . **Criterio 3:** Mantemento e fomento das funcións produtivas dos bosques (madeiras e non madeiras).
- . **Criterio 4:** Mantemento, conservación e mellora da diversidade biolóxica nos ecosistemas forestais.
- . **Criterio 5:** Mantemento e adecuado desenvolvemento das funcións protectoras na xestión forestal (en especial sobre o solo e a auga).
- . **Criterio 6:** Mantemento doutras condicións e funcións socioeconómicas.

Isto implica, á súa vez, artellar no tempo e o espazo o tratamento silvícola dos montes; é dicir, a elaboración de plans e proxectos de ordenación a longo prazo ou, cando menos, plans técnicos de xestión silvícola revisables periodicamente. O cumprimento do criterio de sostemento debe garantir o mantemento dos demais criterios.

A ordenación de montes, en sentido xenérico, é a base da xestión forestal sostible. O seu obxectivo é que os montes cumpran plena e continuadamente o seu múltiple papel, mellorando, se iso é posible, as súas capacidades para logralo. Pero, en todo caso, a ordenación de montes é unha planificación, xa que hai que dispor secuencialmente de:

- . Inventario con toma de datos dos factores ecolóxicos e socioeconómicos, análise das masas arbóreas e das infraestruturas do monte.
- . Definición dos obxectivos e prioridades entre eles.
- . Correcta avaliación de alternativas e toma de decisións.
- . Ademais, a estrutura do proxecto de ordenación deberá conter a programación anual e as revisións que haxa que realizar.

Ao longo do tempo, aínda que variase o que se pretendía obter dos montes en cada momento, o espírito da ordenación estivo presidido pola máxima de conservar aproveitando mediante o principio de persistencia sostida. Formalmente seguen vixentes como Dereito estatal supletorio as *Instrucións xerais para a ordenación dos montes arborados* aprobadas en 1970. O seu contido e papel na sociedade actual deben ser reconsiderados co fin de incluír nunhas novas instrucións os elementos que foron definidos con posterioridade, tales como o sostemento social, a conservación da biodiversidade... Dito doutro xeito, haberá que revisar as instrucións de ordenación co fin de adaptalas tanto aos conceptos de multifuncionalidade e sostemento expostos, como á definición dun sistema máis sinxelo accesible a montes de menor superficie e de propiedade en xeral particular.

No marco dos aspectos do sostemento mencionados, e especialmente no de diversidade, non se debe esquecer que o aspecto bioxeográfico español reúne características macaronésicas, atlánticas, mediterráneas e incluso alpinas, pero tampouco se pode eludir que en xeral, e en maior ou menor medida, os montes españois se caracterizan esencialmente pola súa influencia mediterránea, circunstancia que debe impulsarse especialmente na achega española á estratexia forestal da Unión Europea e na adaptación ao bosque mediterráneo das resolucións das conferencias ministeriais sobre protección de bosques en Europa. Tal consideración supón que os montes españois, salvo algúns dos situados en zonas de influencia atlántica, se caracterizan pola súa fraxilidade e heteroxeneidade, así como pola extraordinaria importancia das súas externalidades positivas fronte á escasa rendibilidade dos seus beneficios directos.

■ .. 6.1.1.2. A CERTIFICACIÓN FORESTAL

A certificación dos produtos forestais pretende vincular o comercio destes coa xestión sostible dos montes dos que proceden, e conseguir que o usuario final compre aqueles bens na composición dos cales entren produtos unicamente procedentes de montes ordenados e xestionados de forma sostible. Na súa orixe, foi promovida por algunhas ONG e polos países industrializados, que son á vez grandes importadores de produtos forestais, mentres que son os exportadores os que están tratando de xeneralizar este sistema.

A certificación baséase en dous aspectos: en primeiro lugar, que a presión externa aplicada a través do comercio levará a melloras nas prácticas de xestión forestal e, en segundo lugar, que a demanda do mercado de produtos procedentes de bosques ordenados sostiblemente é importante e que os mercados están dispostos a pagar algún tipo de prima por eles. Aínda é demasiado cedo para pronunciarse sobre a validez destas hipóteses, o que provoca que, a pesar dos esforzos que moitos países están a facer, sexan moitos os problemas sen resolver e as incertezas que se orixinan con este asunto, que se tratan de resumir a continuación.

En xeral difiren bastante as opinións sobre o tamaño e a duración do impacto económico que os plans de certificación poden ter no comercio. Na actualidade hai demanda para algúns produtos ecoloxicamente sans ou produtos verdes nalgúns países, pero non consta claramente que o seu volume sexa importante ou que se vaian pagar maiores prezos, a non ser por produtos selectos.

Aínda que os efectos sobre o comercio son ata hoxe limitados, estase producindo un grao considerable de inseguridade comercial en moitos mercados e unha certa preocupación entre moitos dos que interveñen no comercio de produtos forestais, desde o produtor ata o comerciante. Unha das preocupacións estriba en que, a menos que a certificación se aplique con coidado, pode actuar de barreira non arancelaria ao comercio, discriminando os que non poden ou non queren conseguir eses niveis esixidos de xestión forestal. Concretamente, pode prexudicar varios países en desenvolvemento.

Se as importacións se restrinxen a orixes cunha produción que foi certificada como sostible, incluso os produtores que estean en condicións de cumprir criterios da xestión sostible de bosques poden facilmente atoparse coa barreira importante de adaptarse aos distintos requisitos dos diversos mercados. A certificación pode tamén favorecer os países industrializados, onde cando menos actualmente, as prácticas de xestión forestal tenden a achegarse aos obxectivos de sostemento.

Aínda cando parece probable que a maioría dos plans son voluntarios, poden realmente facerse obrigatorios, xa que algúns comerciantes polo miúdo importantes talvez non queiran comerciar con produtos non certificados, como ocorre no Reino Unido, e os consumidores poden incluso pasarse a produtos sucedáneos fabricados con materiais distintos da madeira, como xa está pasando ata certo punto nalgúns países europeos. Tamén preocupa que a certificación pode darlle ao consumidor a impresión de que os produtos non etiquetados, sobre todo os que non foron analizados, se produciron de forma ecoloxicamente irresponsable.

A certificación está aínda nas súas orixes, porén parece probable que terá un impacto cada vez maior, polo menos durante os próximos anos, aínda que resulta difícil predicir actualmente o carácter exacto dese impacto. De feito, algunhas empresas españolas de segunda transformación integráronse de forma voluntaria no sistema de certificación do

FSC promovido en España por ADENA-WWF, que é un sistema de acreditación de terceira parte de ámbito internacional, avalado por esta organización non governamental. Por outra parte, as asociacións europeas da cadea bosque-industria mobilizáronse para crear un sistema chamado PEFC, que presenta como principais características: unha acreditación obxectiva de recoñecemento mutuo entre países avalada polo Tratado de acreditación entre países europeos, en España representada por AENOR, e a posibilidade de certificación de xestión forestal sostible de minifundios a prezos razoables; este sistema permite ademais a certificación de xestión sostible en bosque mediterráneo, axustando os indicadores á realidade do lugar para cumprir os criterios de Helsinki. A Unión Europea non é partidaria de crear unha certificación oficial, senón de fomentar os sistemas voluntarios, vixiando que non afecte con distorsións a competencia, tanto interna como externamente, da Unión. Os efectos a medio prazo destes sistemas de certificación no mercado dependerán de toda unha serie de factores, pero sobre todo do grao en que a certificación chegue a ser obxecto de aceptación e confianza no mercado. Parece probable que comezará a repercutir nas pautas do comercio e, máis a longo prazo, se se adopta de forma máis xeral, pode tamén afectar aos tipos de produtos comerciais.

En resumo, aínda que resulta difícil predicir con absoluta certeza nestes momentos o rumbo e o alcance que terá a certificación, parece probable que:

- . As actividades de certificación seguirán medrando, polo menos de breve a medio prazo.
- . O seu crecemento será rápido, cando menos pola razón de que existe unha superficie limitada, aínda que importante, de bosques que poden cumprir as definicións estritas do que se considera unha boa xestión forestal.

■.. 6.1.1.3. A INVESTIGACIÓN FORESTAL EN ESPAÑA

A investigación forestal ha de dar resposta a un sector con grandes dificultades para identificar as súas necesidades de investigación e desenvolvemento. Neste ámbito, o sector público adquire pleno protagonismo, tanto polos beneficios indirectos que o bosque proporciona a toda a sociedade como pola importancia relativa da propiedade pública que concentra as masas forestais de mellor calidade, así como pola aínda recente organización sectorial da propiedade privada.

O sector industrial, a excepción das industrias de celulosa e taboleiros, presenta unha limitada capacidade autónoma para incorporar avances tecnolóxicos e, ás veces, incluso para acceder á información sobre o estado da investigación e desenvolvemento no seu ámbito. A súa capacidade é aínda menor para desenvolver proxectos de investigación que melloren as súas tecnoloxías e adecúen ambientalmente as que están en uso.

A responsabilidade de identificar as necesidades e promover a acción en materia de investigación e desenvolvemento forestal recae nas administracións públicas propietarias ou xestoras de montes, así como na industria forestal, con subsectores escasamente integrados e, por iso, con dificultade para participar en actividades de I+D. Deste xeito, a demanda de innovacións non consegue adquirir o protagonismo que debera na orientación dos programas de investigación forestal, incrementando as incertezas dun sector estruturalmente débil.

A estrutura e organización da investigación forestal española actual é o resultado de tres procesos desenvolvidos a raíz da creación do Estado das Autonomías, que actuaron sobre a situación dun sistema de investigación forestal de carácter unitario e de limi-

tado desenvolvemento territorial, integrado na Administración Xeral do Estado. Estes procesos foron a transferencia das competencias de investigación, a activa incorporación dos temas forestais como obxecto de investigación por parte das universidades e do Consello Superior de Investigacións Científicas e a creación e reorganización dun sistema de investigación agrícola e forestal polas Comunidades Autónomas.

O INIA, tras o proceso de transferencia de competencias ás Comunidades Autónomas, conservou a investigación forestal como actividade da súa organización central, estendida a todo o ámbito nacional. Esta actividade, dentro do INIA, actualmente desenvólvese nas unidades que se integran no Centro de Investigación Forestal, no Departamento de Uso Sostible do Medio Natural e noutros departamentos de carácter multidisciplinar.

A actividade de investigación forestal do INIA conseguiu unha importante infraestructura de laboratorios e un elevado número de parcelas, en colaboración coa DXCN e as Comunidades Autónomas, destinadas a ensaios de produción, ao estudo de procedencias e proxenies das principais especies, ao seguimento do vigor das masas forestais e ao estudo dos nosos ecosistemas.

O centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra) mantén a súa actividade dentro da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e proxecta a súa investigación a toda a cornixa cantábrica en colaboración coas correspondentes organizacións autonómicas.

Como consecuencia da reorganización da investigación agraria, forestal e medioambiental nas Comunidades Autónomas tense producido a creación de unidades de investigación ou centros tecnolóxicos forestais, que nalgúns casos aínda se atopan en fase de crecemento e consolidación

Asemade, existen importantes grupos de investigación nas escolas superiores de Enxeñeiros de Montes e en Técnicas Forestais, así como no Consello Superior de Investigacións Científicas. En facultades de Ciencias Biolóxicas, Farmacia, Xeografía e Historia e Ciencias Económicas localízanse equipos que realizan investigación forestal conexas coas Ciencias Naturais, Económicas e Sociais.

Non se pode esquecer a actuación da iniciativa privada, que desde hai algúns anos participa en programas de I+D, como, por exemplo, na mellora de especies de crecemento rápido.

Aínda que o número de equipos de I+D parece elevado, son na maior parte dos casos tan reducidos na súa composición humana que non acadan a masa crítica mínima para ser competitivos. Unha acción mobilizadora de coordinación permitiría unha agregación de esforzos para a resolución dos problemas máis prioritarios. Algunhas áreas da investigación forestal, como ecoloxía e dinámica dos sistemas forestais, están apoiadas por un número minimamente aceptable de investigadores. Outras, en cambio, non chegaron nunca á masa crítica mínima ou fórona perdendo, tal é o caso da hidroloxía, as explotacións, a economía e socioloxía forestais, entre outras.

Centros forestais como o de Lourizán, en Pontevedra, o de Valonsadero, en Soria, o CIFOR, os correspondentes ao CSIC e pequenos grupos de investigación forestal, como o do IRTA catalán, o CTFC en Solsona, o CEAM de Valencia, que ten unha liña de investigación forestal desde 1991, o CIDE, tamén na mesma Comunidade Autónoma, con com-

petencia na investigación da loita contra a desertización, o CREAM, en Barcelona, e outros de menor importancia incluídos no SIA de Extremadura, o SIA de Aragón e algún outro en Navarra e País Vasco manteñen unha relativamente boa estrutura, pero soportan graves deficiencias de persoal investigador que os fan cada vez menos eficaces e competitivos. Estes esforzos deberían coordinarse coa investigación que realizan as empresas e outras entidades privadas, que tamén debería ser fomentada.

En materia xa máis concreta de sanidade forestal, na actualidade existen esquemas de cooperación da Dirección Xeral de Conservación da Natureza co Departamento de Uso Sostible do Medio Natural do INIA, co Instituto Valenciano de Investigacións Agrarias (IVIA), coa fundación Centro de Estudios Ambientales del Mediterráneo (CEAM) e o Museo Nacional de Ciencias Forestales do CSIC. Ademais, mediante convenio coa Comunidade Autónoma de Aragón, mantense un laboratorio onde se desenvolven novos métodos de control de pragas forestais.

O CIFOR-INIA, como herdeiro do antigo Instituto Forestal de Investigacións y Experiencias, posúe unha importante infraestrutura de laboratorios e unha extensa rede de parcelas experimentais permanentes instaladas a partir de 1960, que veñen mantendo desde esta data, cada vez con maior dificultade por falta de persoal e financiamento para o seu mantemento.

Esta rede de parcelas, complementada con outras que poderían instalarse en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e os Servizos forestais das Comunidades Autónomas, ofrecen un acervo de datos e coñecementos que ben elaborados e analizados poden supor a mellor base ou punto de partida para relanzar a investigación forestal.

Os obxectivos de investigación vixentes no vixente Plan Nacional de Investigación e Desenvolvemento, dentro do Programa Nacional sobre Sistemas e Recursos Forestais, que ten como organismo xestor o INIA, son os seguintes:

- .>.. Identificación, inventario e análise ecolóxica-funcional dos sistemas forestais.
- .>.. Manexo dos sistemas e recursos forestais.
- .>.. Creación, transformación e mellora dos sistemas forestais.
- .>.. Características e propiedades de produtos e tecnoloxía de equipos forestais.

■.. 6.1.1.4. USOS RECREATIVOS DO MONTE E CONSERVACIÓN DA PAISAXE

O uso recreativo dos montes españois sufriu nestas últimas décadas unha forte transformación. Hai non moitos anos establecíanse por primeira vez criterios para favorecer un uso racional e controlado dos montes da nosa xeografía, creando zonas de concentración e cortando accesos a zonas sensibles. Mentres, os habitantes das zonas rurais desprazábanse cara ás grandes cidades, producíndose un paulatino abandono das aldeas, que pasaban a estar deshabitadas.

A situación hoxe en día é moi diferente. O incremento do valor das paisaxes e as zonas agrarias forestais favoreceu o retorno da poboación a estes contornos, se ben estacionalmente ou nas fins de semana. Actualmente son poucas as aldeas que permanecen deshabitadas na súa totalidade salvo aqueles afectadas por expropiacións e actuacións especiais. O escenario mudou de xeito considerable, polo que se precisan outros criterios para actuar de forma consecuente coas necesidades que a sociedade demanda na actualidade e no máis inmediato futuro.

Os usos recreativos e culturais do monte teñen nos nosos días unha transcendencia distinta e diferenciada, sen renunciar aos valores tradicionais que ata agora os caracterizaron. Se ata o momento a posibilidade de achegarse dunha ou outra forma á realidade dos nosos montes foi interpretada como un achegamento á natureza e ao seu deleite, a amplitude de conceptos en torno aos denominados retos ambientais da nosa xeración abre un abano de intereses no que os criterios de conservación, beneficio económico e dignidade dos propietarios se unen aos tradicionais de aproveitamento racional dos recursos naturais ou de uso recreativo dos espazos forestais como zonas de lecer e de expansión da poboación, fundamentalmente urbana.

Polo que respecta á paisaxe, a súa importancia para o conxunto da sociedade aumentou extraordinariamente durante as últimas décadas. Se a finais do século XIX e comezos do XX os espazos naturais emblemáticos adquirían relevancia e eran declarados con algunha figura de protección por motivos fundamentalmente paisaxísticos que cualificaban o seu contido a modo de Patrimonio Cultural-Natural, é na actualidade cando se recoñece o alto valor que a paisaxe adquire para a poboación que vive no contorno e para a que se despraza desde o medio urbano e periurbano cara a áreas rurais e naturais.

Esta percepción social supón en cada caso que do valor social que as paisaxes podan albergar se deriven aspectos positivos e negativos para os auténticos protagonistas da súa existencia, os propietarios. A presión social que se xera neste senso non adoita vir acompañada con medidas correctoras que valoricen para o propietario os condicionantes que se lle esixen.

Un dos elementos básicos que configuran a paisaxe española constitúeno os terreos de vocación forestal, nos cales os aspectos de beneficio social indirecto se disparan en importancia pero non se materializan en valor económico que contribúa á súa conservación ou mellora, sen esquecer tampouco a diversidade das paisaxes agrarias, onde o mosaico resultante destas é froito da actividade humana secular e da interacción entre o home e a natureza.

■.. 6.1.1.5. LEXISLACIÓN FORESTAL VIXENTE

■.. ESTATAL

- . Constitución española, do 27 de decembro de 1978 (BOE n.º 311-1, do 29-12-1978), artigos 148 e 149.
- . Código penal. Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro (BOE n.º 281, do 24-11-1995), artigos 330 ao 340.
- . Lei de montes, do 8 de xuño de 1957 (BOE n.º 151, do 10-6-1957).
- . Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de montes (BOE n.º 61 e 62, do 12 e 13 de marzo de 1962).
- . Decreto 2661/1967 sobre distancias de plantacións.
- . Lei 81/1968, do 6 de decembro, sobre incendios forestais (BOE n.º 294, do 7-12-1968). Esta lei derroga os artigos 70 ao 75 ambos inclusive, da Lei de montes, do 8-6-1957, e os concordantes do seu regulamento, así como o disposto na lei, do 3-12-1953, no que se refire aos riscos por incendios forestais. O artigo 4-3 da Lei de montes queda derrogado pola Lei 52/1968, do 27 de xullo, sobre montes veciñais en man común, derrogada á súa vez pola Lei 55/1980, do 11 de novembro. A lei á que se refire o artigo 5-2 queda derrogada pola Lei 12-1-1973 de reforma e desenvolvemento agrario. A lei á que se refire o artigo 36 da Lei de montes foi derrogada pola Lei de reforma do desenvolvemento agrario, do 12-1-1973. O artigo 38.5 da Lei de montes queda derrogado pola Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

- [. Lei 22/1992 sobre repoboacións gratúitas en terreos incluídos no CPU.
- [. Real decreto 1538/1996, do 21 de xuño, sobre competencias en materia de conservación da natureza e Parques Nacionais do Ministerio de Medio Ambiente (BOE n.º 153, do 25 de xuño de 1996).
- [. Real decreto 1894/1996, do 2 de agosto, sobre estrutura orgánica do Ministerio de Medio Ambiente (BOE n.º 189, do 6 de agosto de 1996).
- [. Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres (BOE n.º 74, do 28-3-1989). Esta lei foi modificada polas leis n.º 40 e 41, do 5-11-1997 (BOE n.º 266, do 6 de novembro).
- [. Lei 5/1997, do 4 de xaneiro, de fomento da produción forestal (BOE n.º 7, do 8-1-1977).
- [. Real decreto 152/1996, do 2 de febreiro, polo que se establece un réxime de axudas para fomentar investimentos forestais en explotacións agrarias e accións de desenvolvemento e aproveitamento dos bosques en zonas rurais (BOE n.º 45, do 21-2-1996) .
- [. Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común (BOE n.º 280, do 21-11-1980).
- [. Lei 52/1982, do 30 de xuño, de agricultura de montaña (BOE n.º 164, do 10 de xullo de 1982).
- [. Lei 3/1995, do 23 de marzo, de vías pecuarias (BOE n.º 71, do 24-3-1995).

■.. AUTONÓMICA

■.. ANDALUCÍA

- [. Lei 2/1992, do 15 de xuño, forestal de Andalucía (BOJA n.º 57, do 23 de xuño de 1992; BOE n.º 163, do 8 de xullo).
- [. Decreto n.º 208/1997, do 9 de setembro, regulamento forestal (BOJA n.º 117, do 7 de outubro de 1997).

■.. CATALUÑA

- [. Lei 6/1988, do 30 de marzo, forestal de Cataluña (DOGC n.º 978, do 15-4-1988; BOE n.º 105, do 2-5-1988).

■.. CASTELA-A MANCHA

- [. Lei 2/1988, do 31 de maio, de conservación de solos e protección de cubertas vexetais naturais (DOCM n.º 26, do 28-6-1988).

■.. ESTREMADURA

- [. Lei 1/1986, do 2 de maio, da devesa (COE n.º 40, do 15 de maio de 1986).

■.. GALICIA

- [. Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

■.. MADRID

- [. Lei 16/1995, do 4 de maio, forestal de protección da natureza da Comunidade de Madrid (BOCM n.º 127, do 30-5-1995, BOE n.º 190, do 10 de agosto).

■.. NAVARRA

- [. Lei foral 13/1990, do 31 de decembro, de protección e desenvolvemento do patrimonio forestal de Navarra (BON n.º 6, do 14-1-1991; BOE n.º 70, do 22 de marzo).
- [. Decreto n.º 59/1992, do 17-2-1992, regulamento forestal (BON n.º 48, do 20-4-1992).

■.. A RIOXA

- [. Lei 2/1995, do 10 de febreiro, de protección e desenvolvemento do patrimonio forestal da Rioxa (BOR n.º 22, do 21-2-1995; BOE n.º 63, do 15 de marzo).

■.. PAÍS VASCO

- [. Norma foral reguladora dos montes do territorio histórico de Álava, do 13 de agosto de 1986.
- [. Norma foral 6/1994, do 8 de xullo, de montes de Guipúscoa.

- [.] Norma foral 3/94, do 2 de xuño, de montes e administración de espazos naturais protexidos de Biscaia.

■.. VALENCIA

- [.] Lei 3/1993, do 9 de decembro, forestal da Comunidade Valenciana (BOGV n.º 2168, do 21-12-1993; BOE n.º 23, do 27-1-1994).
- [.] Decreto n.º 98/1995, do 16-5-1995, regulamento forestal (DOGV n.º 2520, do 1-6-1995).

■.. DISPOSICIÓN DERROGADAS

Pola vixente Lei de montes quedan derogadas:

- [.] A Lei de montes, do 24-5-1863.
- [.] A Lei de mellora, fomento e repoboación dos montes públicos, do 11-7-1877.
- [.] A Lei de conservación e repoboación de montes, do 24-6-1980.
- [.] A Lei de creación de parques nacionais, do 7-12-1916.
- [.] A Lei sobre aproveitamentos e mellora de montes non ordenados, do 16-7-1949.
- [.] A Lei de auxilios para a repoboación forestal, do 7-4-1952.
- [.] A Lei de concesión de auxilios particulares, do 22-12-1995.
- [.] A Lei referente a pragas forestais, do 12-5-1956.
- [.] A Lei, do 4-6-1940, sobre abastecemento de madeiras, con excepción dos seus artigos 1, 2, 3, 5 e 10, que continúan vixentes.
- [.] A Lei de defensa contra pragas forestais, do 20-12-1952, salvo artigos 1, 2, 3, 4 e 9, que seguen vixentes.
- [.] A Lei do patrimonio forestal do Estado, do 10-3-1941 (BOE n.º 100, do 10-4-1941), foi parcialmente derogada polo Decreto lei 17/1971, do 28 de outubro, suprimíuse o PFE e asumiu as súas funcións o extinto ICONA.
- [.] A Lei 15/1975, do 2 de maio, de espazos naturais protexidos, é derogada pola Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.
- [.] O Real decreto 387/1993, do 12 de marzo, polo que se establece un réxime de axudas para fomentar investimentos forestais en explotacións agrarias e accións de desenvolvemento dos bosques nas zonas rurais, modificado polo Real decreto 2086/1994, do 20 de outubro, é derogado polo Real decreto 152/1996, do 2 de febreiro, polo que se establece un réxime de axudas para fomentar os investimentos forestais en explotacións agrarias e accións de desenvolvemento e aproveitamento dos bosques en zonas rurais.
- [.] A Lei n.º 52/1986, do 27 de xullo, de montes veciñais en man común, é derogada pola Lei 55/1980, do 11 de novembro, sobre montes veciñais en man común.

■.. 6.1.1.6. A UNIÓN EUROPEA

Na Unión Europea non se dispón dunha política forestal común. É a cortiza o único produto forestal incluído no anexo 2 dos tratados da Unión (no ámbito de actuación da PAC quedan excluídos a madeira e o resto dos produtos forestais a excepción da cortiza). En principio, os montes son responsabilidade dos estados membros. Porén, as características dos bosques como motores do desenvolvemento rural, como sustento ás leis do mercado, ábremlle a porta á súa inclusión dentro das políticas da Unión. Neste senso é fundamental lembrar que:

- .>.. Os bosques, coas súas múltiples funcións, constitúen unha parte esencial das zonas rurais e un dos principais piares da política integrada de desenvolvemento rural, especialmente no que respecta á súa contribución á renda e ao emprego e ao seu valor ecolóxico e social.

- .>.. Os bosques e a súa diversidade son un elemento importante do medio ambiente europeo e a súa protección e conservación intégranse en diversas políticas comunitarias, ademais de en intervencións medioambientais específicas como a estratexia sobre biodiversidade da UE, Natura 2000 e a aplicación do convenio sobre o cambio climático.
- .>.. Os produtos da silvicultura e, sobre todo, a madeira xunto coa cortiza e as resinas, están suxeitas ás regras do mercado interior, entre as que se inclúen as disposicións comunitarias en materia de axudas estatais, fusións de empresas e carteis.

Dito doutra maneira, tres políticas horizontais da Unión inciden sobre os montes de tal forma que, de feito, estes constitúen unha materia compartida entre a Unión e os seus estados membros. Estas son:

- . Desenvolvemento rural (DX Agricultura).
- . Medio ambiente (DX Medio Ambiente).
- . Mercado interior (DX Mercado Único).

As iniciativas levadas a cabo pola Unión neste senso tiveron a súa primeira expresión na aprobación de dereito derivado, fundamentalmente en tres campos:

- . Axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA).
- . A protección dos bosques na Comunidade contra a contaminación atmosférica e contra os incendios.
- . Sistema Europeo de Información e Comunicación Forestal (EFICS).

En definitiva, emprendéronse medidas e accións residuais doutras políticas sectoriais, principalmente a agrícola, pero non unha verdadeira dirixida ao ámbito forestal. Por tanto, a política forestal europea atópase nunha fase crítica, cun balance moi moderado polas discrepancias entre os estados membros, o Consello, a Comisión e o Parlamento europeos, como reflexo doutras dificultades estruturais como son:

- .>.. A existencia de grandes diferenzas de condicións naturais e sociais entre os estados da Unión.
- .>.. Forte gradiente norte-sur en produtividade, valor protector e niveis de risco. O dito gradiente non é de todo lineal, dado que a produtividade aumenta cara ao sur ata a barreira Pireneos-Alpes; é pois, máis ben, un gradiente noroeste-sudeste, pero sempre en aumento cara ao sur, e vai cambiando radicalmente cando chega á vertente de solaina dos Pireneos e os Alpes, momento no cal descende en picado, á vez que aumenta o risco de incendios.
- .>.. Facilitade de fornecemento do déficit europeo no mercado internacional da madeira a prezos razoables.
- .>.. Escasa sensibilidade social e política respecto aos beneficios indirectos non comerciais dos bosques e a súa intanxibilidade a prezos de mercado.

■ 6.1.1.6.1. O REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O novo regulamento comunitario sobre desenvolvemento rural (Reg. (CE) n.º 1257/1999 do Consello) presenta, en relación cos bosques, importantes novidades que supoñen modificacións substanciais con respecto ás accións cofinanciadas anteriormente. En primeiro lugar, existe un capítulo de axudas ao sector forestal que inclúe medidas elixibles que ata agora nunca o foran. Isto é debido fundamentalmente a que o novo regulamento considera a silvicultura como parte do desenvolvemento rural, polo que se incorpora este sector como novo obxecto que cómpre impulsar e fomentar a través da iniciativa privada. A relevancia deste aspecto para España reside en que, ao ser un sector maioritariamente deficitario e con grandes necesidades de investimentos, estes unicamente se levarán a cabo se existen subvencións públicas.

As medidas elixibles comprenden, por un lado, todas as posibles accións que hai que realizar nos bosques e en terreos non agrícolas, con tal de que se refiran a explotacións forestais de propietarios privados, de municipios ou de asociacións de ambos. É dicir, non só poderán subvencionarse aquelas medidas de defensa dos bosques fronte aos desastres naturais e incendios, senón tamén as que sirvan para revitalizar o sector. Inclúe, en consecuencia, medidas desde a fase de produción ata a de transformación e comercialización dos produtos forestais.

Por outro lado, mantense o capítulo de axudas á forestación de terras agrícolas coa mesma metodoloxía, pero con distinta filosofía que o regulamento anterior, CEE 2080/92, pois pasa de ser unha medida destinada principalmente a retirar excedentes agrícolas a ser unha medida propiamente forestal. Non só se manteñen as axudas aos investimentos para plantacións, senón tamén as primas anuais por hectárea para cubrir os custos de mantemento durante cinco anos, e a prima anual por hectárea durante 20 anos para cubrir as perdas de ingresos que lles ocasione a plantación aos agricultores. A única novidade é que non hai unha limitación nos montantes das axudas de mantemento e forestación.

Por último, créase unha nova axuda en forma de pagamentos aos propietarios de superficies forestais de interese público, coa condición de que se comprometan, mediante un contrato, a conservar estes bosques e a levar neles unha xestión sostible. En definitiva, os propietarios deste tipo de bosques serán receptores de fondos sempre que garantan a estabilidade ecolóxica daqueles coas correspondentes accións, e polo importe destas. A contía deste pagamento compensatorio está cifrada entre 40 e 120 euros por hectárea.

En definitiva, as tres modificacións citadas conducen á integración das actividades forestais, xunto coas agrícolas e gandeiras, con aquelas outras políticas que inciden no desenvolvemento rural, e todo iso como consecuencia de que a Unión Europea considerou este modelo integrado de desenvolvemento como prioritario para lograr un nivel aceptable de benestar nas zonas rurais compatibles coa conservación do medio ambiente.

■ 6.1.1.6.2. OS REGULAMENTOS DE PROTECCIÓN DE BOSQUES

Estes documentos foron aprobados pola Unión, nun caso antes e noutro despois, da conferencia de Estrasburgo, aínda que en ambos casos serviron como apoio ás súas resolucións (S1 e S3), xa que a Comunidade Europea é tamén signataria das ditas resolucións.

O Regulamento (CEE) n.º 2158/92 do Consello, de protección dos bosques comunitarios contra os incendios, non se limita soamente a manter a base de datos que a resolución S3 indica, e que consegue resultados positivos como a explotación da dita base e o

financiamento de estudos específicos de causalidade que resultaron nunha mellora no coñecemento das causas dos incendios, necesaria para fundamentar unha política preventiva, e o establecemento dunha base comunitaria de datos sobre incendios forestais para poder dar seguimento ao problema. A súa escasa dotación limita claramente os seus efectos preventivos, se ben tamén se empregou para a realización de tratamentos silvícolas de prevención, a adquisición de material de vixilancia, así como as campañas de información e concienciación cidadá.

O Regulamento (CEE) n.º 352/86 do Consello, de protección dos bosques na Comunidade contra a contaminación atmosférica, financia as redes de nivel I e II previstas na resolución S1 nos países da Unión Europea, e dálle cohesión ao conxunto da estrutura contemplada na S1 e na Convención de Contaminación Atmosférica a Longa Distancia.

A partir do ano 2003 o funcionamento destes regulamentos vai ser modificado. Probablemente os dous se refundan nun novo regulamento que inclúa as redes europeas de danos nos bosques e as bases de datos sobre incendios. As accións de prevención de incendios quedarían no ámbito do Regulamento de desenvolvemento rural.

■.. 6.1.1.7. O EMPREGO E A FORMACIÓN. CON RESPECTO AO SECTOR FORESTAL EN ESPAÑA

O ditame do Comité Económico e Social da Unión Europea titulado Situación e problemas da silvicultura na Unión Europea e potencia de desenvolvemento das políticas forestais indica que o desemprego é un grave problema en Europa, afecta a millóns de persoas, e é particularmente grave a falta de traballo nos meses máis duros do ano nas poboacións que viven do monte, onde o subemprego non controlado acada proporcións alarmantes.

Fronte a isto, o sector forestal constitúe unha fonte particularmente importante de benestar, pois é un sector que require moita man de obra e constitúe unha fonte nada desprezable de creación de emprego, xa que na xestión forestal propiamente dita e na manipulación da madeira no monte, os operarios, xa sexa como propietarios ou empregados, son traballadores cualificados. Porén, a falta de man de obra especializada deixouse sentir nos últimos tempos debido á infrautilización das súas posibilidades, á non realización dos traballos silvícolas de forma continuada e ás baixas remuneracións económicas en comparación con outros sectores.

A partir do Cumio de Edimburgo os estados membros da Unión elaboraron uns plans nacionais de emprego que deben enmarcar todas as políticas que teñan este fin. Entre as 17 actividades contempladas no correspondente a España figura a protección e mantemento das zonas naturais. Segundo os estudos realizados, os postos de traballo xerados pola protección e mantemento das zonas naturais son de tres tipos:

- .>.. Novas actividades profesionais altamente cualificadas.
- .>.. Empregos correspondentes aos traballos de mantemento.
- .>.. Postos de traballo resultantes dunha política de reconversión e de pluriactividade da agricultura ou da pesca.

A maioría dos postos de traballo que se xeran nesta área son duradeiros. O Instituto Nacional de Empleo é o organismo creado co fin de axudar os traballadores a atopar un emprego e as empresas a contratar os traballadores apropiados ás súas necesidades, así como fomentar a formación do traballador como medios para mellorar as súas posibilida-

des de colocación. Para isto, e no marco da política de fomento de emprego que deseña o goberno, este instituto concede unha serie de axudas e subvencións destinadas a fomentar e favorecer a contratación de determinados colectivos de desempregados, así como a mellorar a súa cualificación e formación profesional. Hai que destacar que, en xeral, non actúa de forma directa, senón que a execución material das contratacións ou das accións formativas correspóndelles ás entidades que son subvencionadas para o isto.

España conta en conxunto cuns 2 millóns de pequenos propietarios forestais, e do sector forestal español dependen centos de miles de traballadores, pero poden crearse aínda novos postos de traballo dedicándolle unha maior atención á actividade das pequenas empresas que estean vinculadas á xestión forestal ou ben ás actividades recreativas e ao turismo, o que constitúe un dos denominados xacementos de emprego.

Por todo o anteriormente exposto e como contribución ao desenvolvemento e porción dos aspectos socio-laborais do sector forestal, estúdase a realización dos pasos necesarios para a planificación e desenvolvemento por parte da Administración xeral do Estado, coa colaboración necesaria das Comunidades Autónomas e os axentes sociais representativos, dun Plan de formación e emprego no sector que sirva de punto focal para o fomento da ocupabilidade no devandito ámbito. Este plan debería pórse en marcha no prazo dun ano a partir da aprobación da estratexia forestal, e contemplará tanto un calendario de actividades como un compromiso financeiro para o seu desenvolvemento, así como un mecanismo de seguimento e participación dos axentes involucrados.

En consecuencia, este plan, partindo da análise da situación do emprego e a formación no medio ao que se dirixe, haberá de prestarlle a necesaria atención á identificación e explotación dos novos xacementos de emprego que poidan atoparse no dito ámbito e recollerá as medidas formativas que permitan tanto a formación de desempregados nas novas ocupacións que se fomenten, como a readaptación profesional de desempregados deste medio. O plan debería, ademais, contemplar o seu propio calendario de execución, contar cun mecanismo de seguimento con órganos de participación dos axentes sociais e fixar os criterios indicativos que sirvan para avaliar, e no seu caso modificar, as ocupacións reguladas que esixen certificación de profesionalidade.

Por outra parte, as necesidades do mundo forestal esixen das distintas administracións con competencias na materia unha xestión decidida, eficaz, conxunta, coordinada, que evite no seu desenvolvemento as actuacións repetitivas, as descoordinacións e as omisións. Por conseguinte, preténdese que o plan se constitúa nun marco de referencia para a integración dos programas e actuacións das demais Administracións Públicas con competencias nestas materias, de forma que actúe como mecanismo de coordinación das actuacións que se desenvolvan neste eido, co obxectivo de lograr un uso racional das medidas de apoio á contratación e ao fomento do emprego.

Ademais de ver a necesidade deste plan e coa finalidade de actuar no campo da formación, o INEM, o Ministerio de Medio Ambiente e a FEMP asinaron un acordo marco que permitirá durante os próximos anos a cualificación profesional de menores de 25 anos, a rehabilitación de contornos rurais e de medio ambiente, e a recuperación de oficios artesanais ou tradicionais capaces de crear emprego, todo isto con grande incidencia sobre o sector forestal.

Para unha mellor estruturación do sector, como sector laboral, debería avanzarse a inventariación de categorías profesionais e empregos máis alá do inventario actual que abarca o sector da madeira e procederse posteriormente a un cruzamento de inventarios

para determinar que empregos son os máis deficitarios en recursos humanos e onde hai auténticos xacementos de emprego.

■.. 6.1.1.8. INNOVACIÓNS TECNOLÓXICAS NO SECTOR FORESTAL EN ESPAÑA

No apartado de innovacións dentro do sector forestal, é necesario indicar que, dado o seu baixo dinamismo, así como o escaso investimento, o volume de innovacións desenvolvidas para á súa posterior incorporación ao desenvolvemento das actividades produtivas é escaso. Estas innovacións poden ser divididas en función da parte do proceso produtivo na que interveñen.

Así, temos que dentro do apartado de produción de planta impúxose o uso de semente certificada, que permite coñecer a procedencia do material e asegurarse de que presenta un estado fitosanitario correcto para a súa xermolación. Esta xermolación tende a realizarse cada vez máis en contedores onde o substrato utilizado presenta as condicións organominerais e sanitarias para un óptimo desenvolvemento, impedindo ao tempo, gracias ao seu deseño especial, que se presenten malformacións tanto na parte aérea como na subterránea da plántula. Asemade, as investigacións desenvolvidas polos distintos centros de investigación forestal permitiron o desenvolvemento de especies híbridas capaces de adaptarse a condicións duras, de loitar contra enfermidades moi estendidas ou que presentan unha elevada capacidade de crecemento.

Dentro do sector forestal, a actividade que recibe unha maior cantidade de recursos para a innovación e desenvolvemento é a defensa contra incendios forestais. Na actualidade en España estanse probando sistemas de teledetección de incendios, xa sexa por medio de sistemas terrestres ou por satélite; neste momento atópase en fase de proba e os datos obtidos non permiten aínda afirmar se o sistema presenta a efectividade necesaria. Tamén se atopan en plena implantación e en continuo desenvolvemento os programas de predición do índice de perigo e comportamento do lume. Tamén se aplica a estes sistemas de predición do comportamento os SIX (sistemas de información xeográfica), que son bases de datos xeorreferenciadas e pódennos indicar características de interese en puntos determinados do terreo. Prodúcese continuas melloras no apartado de radiotransmisións, que permiten reducir a existencia de zonas opacas á transmisión, así como aumentar a resistencia e fiabilidade dos equipos portátiles. Dáse un uso cada vez máis frecuente dos sistemas de posicionamento global para localizar a posición exacta dos medios antes e durante a extinción do lume.

Dentro da actividade de explotación estase a producir unha implantación masiva da mecanización, sendo a estrela a introdución de máquinas de tratamento completo da árbore, colleitadoras e procesadoras, cunhas características adaptadas ao tipo e tamaño das explotacións así como á orografía.

Dentro da actividade de silvicultura, certos programas informáticos permiten realizar tratamentos silvícolas adaptados a cada caso concreto e nos que ademais se realizan estimacións do volume de produtos e subprodutos que se poden extraer durante a quenda, permitindo deste modo realizar unha xestión máis precisa da explotación.

Neste punto reflítese a información obtida nas entrevistas aos expertos, nas que se lles formulaban varias preguntas sobre innovacións tecnolóxicas no sector en España. Eles achegan a súa opinión e os seus coñecementos con respecto a este tema e elabórase posteriormente.